

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Orde do 21 de xullo de 2003 pola que se nomea o presidente do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

En virtude do establecido no artigo 9.3º do Decreto 198/1998, do 25 de xuño (DOG do 6 de xullo), polo que se constitúe o Comité Galego de Xustiza Deportiva e se establece o procedemento para a designación dos seus membros, e de conformidade coa acta da reunión do Comité Galego de Xustiza Deportiva celebrada o día 18 de xullo de 2003, foi elixido por maioría dos seus membros, Julio Pedrosa Vicente como presidente do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

DISPOÑO:

Artigo único.-Nomear presidente do Comité Galego de Xustiza Deportiva a Julio Pedrosa Vicente.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2003.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude,
Deporte e Voluntariado

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Decreto 321/2003, do 18 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2004 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 37.2º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito nacional, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas das festas de ámbito nacional, as comunidades autónomas teñen facultades de opción ou substitución por outras que por tradición lles sexan propias.

Facendo uso destas facultades, na nosa Comunidade Autónoma e para o ano 2004, faise a opción e substitucións seguintes:

a) Substituí-lo descanso laboral do 25 de xullo, Santiago Apóstolo, Día Nacional de Galicia, ó coincidir en domingo, polo 19 de marzo, San Xosé.

b) Substituí-lo descanso laboral do 15 de agosto, Asunción da Virxe, ó coincidir en domingo, polo 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Deste xeito, séguese o criterio de manter unha certa estabilidade na determinación das festas laborais para conmemorar todo o que forma parte da nosa tradición, historia e cultura, aproveitando as posibilidades que permite o calendario anual, que en 2004 fai que coincidan en domingo outras festividadeas celebradas en anos anteriores.

En virtude do establecido na Constitución española e no artigo 29.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia, asumidas e asignadas polo Decreto 117/1982, do 5 de outubro, oído o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do dezaioito de xullo de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Conforme o establecido no artigo 37.2º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, de non producirse modificación no calendario laboral de carácter nacional, as festas laborais de carácter retribuído e non recuperable no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004 serán as seguintes:

- 1 de xaneiro: Aninovo.
- 6 de xaneiro: Epifanía do Señor.
- 19 de marzo: San Xosé.
- 8 de abril: Xoves Santo.
- 9 de abril: Venres Santo.
- 1 de maio: Festa do Traballo.
- 17 de maio: Día das Letras Galegas.
- 12 de outubro: Festa Nacional de España.
- 1 de novembro: Tódolos Santos.
- 6 de decembro: Día da Constitución Española.
- 8 de decembro: Inmaculada Concepción.
- 25 de decembro: Natividade do Señor.

Artigo 2º

Conforme o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas polo delegado da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma,

por proposta do Pleno dos respectivos concellos, e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º

De acordo co que dispón o artigo 48.7º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as festas laborais sinaladas no artigo 1 terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos a partir do día un de xaneiro do ano dous mil catro.

Santiago de Compostela, dezaioito de xullo de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Mª José Cimadevila Cea
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Orde do 9 de xullo de 2003 pola que se declara de interese galego a Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Con data do 2 de abril de 2003 foi publicada, no *Diario Oficial de Galicia*, a orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, do 19 de marzo de 2003, pola que se clasifica como de interese benéfico-social a *Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego*, adscribíndoa á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

A fundación ten por obxecto, segundo o artigo 5 dos seus estatutos, o desenvolvemento de todo tipo de actividades sociolaborais dirixidas ó fomento da formación e cualificación profesional e á mellora do emprego do sector do metal, sen prexuízo de que poida desenvolver tamén actividades intersectoriais. A fundación poderá desenvolver, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Conseguir-lo perfeccionamento e cualificación profesional dos traballadores e dos empresarios.
- b) Impulsar e desenvolve-las relacións sociolaborais entre os traballadores e empresarios do sector do metal.
- c) Contribuír á mellora do diálogo social en tódolos ámbitos negociais do sector.
- d) Fomenta-la mellora das condicións de seguridade e saúde nos centros de traballo do sector.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido no artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, e o artigo 32.3º a) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego,

DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego*, ó cumpriren os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordena-la inscrición da *Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego*, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, para os efectos constitutivos que sinala o artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro.

Terceiro.-A dita fundación queda sometida ó disposto no resto da normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de darlles publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servicios, quedando obrigada ante o protectorado a lle render contas anualmente e xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presentarlle o proxecto de orzamento con anterioridade ó inicio do exercicio económico para o que se formula, e debendo solicita-las preceptivas autorizacións cando sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2003.

María José Cimadevila Cea
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Resolución do 30 de maio de 2003, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do texto do convenio colectivo de ámbito provincial para o sector de panaderías de Ourense do ano 2003.

Visto o texto do convenio colectivo para o sector de panaderías da provincia de Ourense para o ano 2003 de Ourense (código de convenio número 3200265), que tivo entrada na delegación provincial o día 27 de maio de 2003, suscrito o 13 de maio, pola *Asociación de Empresarios de Panaderías de*